



CARME

UN TÍTULO DIFÍCIL

Carme era unha nena moi feitiña, vivía coa súa familia nunha cabana no medio do bosque, cos seus cinco irmáns e seus pais.

Un día foi recoller cogomelos, leña e auga dun pozo. Intentou volver á casa, pero deuse conta de que se perdera.

Andou cara a Estrela Polar, pero non regresaba, non daba. Encontrouse no medio dunhas silvas, e apareceu un home moi estraño que lle dixo:

- Se de aquí queres saír, comigo terás que vir.
- ¿Como? ¿Que dis?

- Non entendo o teu idioma, fala, por favor, na miña lingua.

De pronto, entendeu, aquel home era o dunha lenda que lle contaran, dicía así:

- O Rei da Montaña, do Bosque e do Lago, fala en verso e rimando. Se queres que te deixe en paz, ti teraslle que gañar. ¿Como?, pensarás. Moi fácil é, xa verás, tes que inventar tres versos e rimar.

Carme inventou este:

- Por favor, déixame pasar, que teño medo da escuridade e ganas de cear.

- Está ben déixote pasar pero dúas probas terás que superar: 1ª, a Cova da Imaxinación atopar e 2ª, oito cogomelos velenosos encontrar.

Carme xa levaba andando varias horas, cando descubriu aquela cova no monte, negra, fría e profunda.

Entrou a mirar o que había xa que seguramente era a cova do Rei. De súpeto, apareceron luces de cores coma se cen focos a alumasen. Ao fondo había unha porta xigantesca. Carme armouse de valor, entrou, con gran dificultade, pola altura da manilla da porta, e deuse conta de que estaba no espacio, flotando. Podía ir a calquera planeta sen preocuparse polo osíxeno. Despois de percorrer os nove planetas e descubrir vinteseite máis, achegouse ao Sol, non queimaba.

- Ola, Carme!-dixo o Sol.

De pronto, Carme espertou, estaba na cama. Preguntou que pasara e díxéronlle que a atoparan na cova, inconsciente.

Todo fora un soño?

Despois duns días volveu onda o Sol. Volveulle falar. Cando saíu, apareceu o Rei:

- Primeira proba superada, os cogomelos hai que atopalos.

Buscou os cogomelos, non os atopaba. Atopou un lago inmenso e recordou a lenda:

- O lago non poderás pasar a menos que unha ponte uses para cruzar e os oito cogomelos atopar.

Imaxinou unha ponte, e apareceu! Cruzou por ela, colleu os cogomelos e o Rei saíu de repente:

- Todo atopaches as probas cumpriches.

Carme volveu á súa casa e seguiu a súa vida.



O corpo posúe diferentes compoñentes, tan importantes uns como outros, con vida propia ou sen ela, iso non o sei.

O corazón é o principal, sen el non entendemos o fluxo da vida. Cada vea ao redor do noso corpo é un sentimento, unha pena, unha lembranza e algunhas aínda sen percorrer.

Os ósos, a forza da vida, fría e amarga, que te fai resistir para sobrevivir. Non sentes a tristeza nin a felicidade. Non escoitas. Non tocas.

O cerebro, sitio da amargura e muxicas ferventes de ledicia. A tolemia ten o seu fogar nel, sen el non podemos tolear, ¿que sería de nós sen a tolemia ao alcance?, con el envellecemos e con el morremos.

Sen máis, remata sendo unha válvula da vida que se pecha e queda en silencio mudo, escoitando a danza xorda. Quizais moitos camiños, miles de veas quedaron sen percorrer, mais, ¿a quen lle importa?

Todo o que sentes é para vivir, o demais queda aquí. Se vés ao mundo para ter unha vida sen sentimentos, emocións e tolemia, non veñas, será mellor.

Agardo que comprendades este texto, coa intención que tiveren eu de escribilo.

Verónica Mourinho
Sesto. B1B.



FIN